

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	<b>2011</b>	<b>PE403A 2010/3-1</b>
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE PESCADORES DE PONTEDEUME	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	MOLUSCOS BIVALVOS	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	EMBARCACIÓN	

<b>Especies</b>	Ameixa fina ( <i>Ruditapes decussatus</i> ), ameixa xaponesa ( <i>Ruditapes philippinarum</i> ), ameixa babosa ( <i>Venerupis pullastra</i> ) e berberecho ( <i>Cerastoderma edule</i> )
<b>Ambito do plan</b>	Autorizacións marisqueiras entre praia Almieiras e punta Carboeira (bancos naturais de A Magdalena, O Fabal e O Oito)
<b>Subzonas de explotación</b>	A Tasca, a Barra, canle de Moteis-ponte de Pedra, Peregil, canle do Barco, A Pillada, A Pía e Día Oito

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	16	22
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Non</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>		180										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: Marisqueo a flote</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura <sup>(6)</sup>			
Especies	A pé	Embarcación/día	Tripulante enrolado e a bordo/día
Ameixa fina	-	-	3 kg 5 kg (decembro)
Ameixa babosa	-	-	10 kg
Ameixa xaponesa	-	-	7 – 10* kg
Berberecho	-	-	10 kg

(\*) Dependendo do banco a explotar

<b>Artes a empregar</b>	Raño, segundo o Decreto 424/1993
-------------------------	----------------------------------

<b>Puntos de control</b>	Lonxa da confraría de pescadores de Pontedeume.
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa da confraría de pescadores de Pontedeume.

<b>Accións a realizar<sup>(7)</sup></b>	<b>Épocas probables<sup>(8)</sup></b>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>		X	X	X	X				X	X	X	
Zonas:												



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>		X	X	X	X							
Zonas: Dende a Pillada, canle do Barco e a Pía cara aos Moteis, Día Oito e a Tasca.												
Especies: Ameixa fina, ameixa xaponesa e ameixa babosa.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>		X	X	X	X				X	X		
Zonas:												
Especies: Ameixa fina, ameixa xaponesa e ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>		X	X	X	X							
Zonas: Dende a Pillada e a Pía cara aos Moteis e o Día Oito.												
Especies: Ameixa fina e ameixa xaponesa.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>		X	X	X	X							
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	
Zonas: Canle de moteis zona A, Día Oito e a Tasca (limpezas de mexillón)												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Zona de produción:** Os bancos de A Tasca e A Barra están dentro da zona de produción GAL-04/03, clasificada zona de clase C para a produción de moluscos bivalvos na Orde do 19 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde de 8 de setembro de 2006, pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

O resto dos bancos incluídos neste Plan atópanse dentro das zonas de produción GAL-04/04 e GAL-04/05, clasificadas zonas de clase B para a produción de moluscos bivalvos.

**Participantes:** Na relación de embarcacións e tripulantes incluída no Plan presentado, aparece un cupo vacante na embarcación ..... que corresponde a dereitos históricos da embarcación, incrementando o número de tripulantes a 22 con respecto ao plan en vigor. Este incremento respecto ao plan do ano 2010 só será efectiva para os efectos de actividade extractiva.

**Topes de captura:** A cota máxima de captura de ameixa fina establécese en 3 kg por tripulante enrolado e a bordo día, salvo no mes de decembro que se incrementa a 5 kg.

Por outra parte, prevese un tope máximo de extracción de ameixa xaponesa de 10 kg tripulante enrolado e a bordo/día no Día Oito (sector B), A Pía e A Pillada (sector C) salvo na canle descendente, e 7 kg nos restantes bancos: Canle dos Moteis-ponte de pedra (sector A), Canle do Barco (sector D), Peregil (sector E) e a canle descendente da Pillada ata a ponte da autoestrada.

Cómpre lembrar o estricto cumprimento da normativa sobre a explotación dos moluscos bivalvos nas zonas clasificadas microbioloxicamente como tipo C.



**Punto de control:** Determinábase como único punto de control a lonxa da confraría de Pontedeume, aínda que se establecen 4 puntos de supervisión previos nos que se identifican e supervisan os lotes de marisco, e se inspeccionan as embarcacións:

- Rampa de acceso ao paseo marítimo de Pontedeume
- Rampa de acceso ao peirao pola zona da lonxa
- Rampa nova do carro varadoiro, no peirao
- Pantalán de embarcacións da 3ª lista.

O paso polos puntos de supervisión, así como polo punto de control, é obrigatorio para tódolos integrantes deste plan. As persoas responsables da supervisión e control son os vixiantes da confraría.

**Traballos de semicultivo:** A programación das accións previstas de traslados, limpeza, rareos... corresponde á directiva da agrupación de marisqueo a flote, co asesoramento da asistencia técnica da confraría. A organización non está ben definida nin se indica se a realización das accións programadas é obrigatoria para tódolos participantes no plan.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.